Bloque
Betanzos

por galiza

Número 11, época 2ª. outubro 2011. Especial Eleccións Xerais 2011

Envio Postal sen enderezo

O labor do BNG no Congreso, útil para Betanzos

O candidato do BNG ás eleccións xerais pola Coruña, Francisco Jorquera, levou ao Congreso as reivindicacións da veciñanza de Betanzos como a rexeneración da ría, a seguridade viaria na N-VI ao seu paso pola Angustia, na N-651 nos barrios da Ribeira e a Ponte Vella, a pasarela de Infesta ou a reposición do camiño do Penso. O BNG foi o único grupo que mantivo a mesma postura en Madrid, en Santiago ou en Betanzos, na defensa dos problemas dos veciños e veciñas.



Henrique del Río e Francisco Jorquera

O labor do BNG é útil para que Galiza conte e teña peso na política do Estado, para que teñamos unha representación que asegure a defensa dos intereses dos veciños e veciñas. A atención aos intereses dos galegos e galegas non depende da existencia ou non de "gobernos amigos en Madrid". Depende de ter voz e forza para influír na política estatal e isto só o pode asegurar o BNG como avala a nosa traxectoria política no Parlamento do Estado.

Cada vez máis persoas estamos descontentas coas políticas públicas que se están demostrando ineficaces para saírmos da crise e inxustas desde o punto de vista social, cos incumprimentos do Estado en Galiza e coa desatención a cuestións que afectan a intereses de grande importancia para o noso país e para a nosa cidade. Esta situación só se pode cambiar participando. Non serve de nada exteriorizar o malestar se non se participa para propiciar que muden as cousas.

O BNG demostrouse útil para defender unha saída social á crise, para impulsar políticas ao servizo das maiorías sociais, que prioricen a defensa do estado do benestar. É posíbel outra saída da crise, unha saída que aposte por un novo modelo centrado no apoio á economía produtiva e a xeración de emprego.

Apoiar ao BNG ten un dobre valor. Asegura a defensa dunha orientación progresista nas políticas do Estado e ademais asegura que os galegos e as galegas teñamos voz e peso político.

O BNG reclama a apertura polas tardes de Correos

A empresa pública Correos decidiu suprimir o horario de atención ao público polas tardes na oficina de Betanzos, privando a moitas persoas e entidades de poder facer xestións nun horario máis cómodo. O goberno central do PSOE permitiu este agravio e a Xunta do PP calou. O BNG levou a supresión da cartería rural ao Congreso e ao Parlamento de Galiza. Tamén levamos ao Pleno a exixencia de reabrir a oficina de Correos polas tardes.

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

O BNG propón a dación en pago e controlar as comisións bancarias

O Pleno aprobou a moción do BNG en defensa das persoas afectadas polas hipotecas, para evitar o desafiuzamento das familias que non poden afrontar os créditos. A proposta do BNG saíu adiante coa abstención do PP e cos votos a favor de PSOE e CxB, malia que o PP, coa súa abstención, e o PSOE, cos seus votos en contra, impediron admitir a trámite a proposición de lei presentada polo BNG no Congreso dos Deputados nesta mesma liña.

A iniciativa do BNG, o Pleno do Concello de Betanzos acordou instar ao Goberno do Estado a impulsar unha reforma lexislativa para protexer ás persoas cuxa vivenda hipotecada é residencia habitual e a evitar o seu desafiuzamento. O Pleno insta ao Goberno central a admitir a dación en pagamento como cancelación da totalidade da débeda hipotecaria e a posibilitar que nos procesos xudiciais de execución hipotecaria existan mecanismos que permitan unha moratoria no pagamento dos prazos pactados, acomodándoos á situación económica da persoa debedora, á transformación nun contrato de arrendamento con opción de compra ou á condonación parcial da débeda.

É vital reformar a lexislación vixente para defender ás persoas que sofren serias dificultades para afrontar os vencementos dos créditos hipotecarios. No 2007, os xulgados recibiron case 26.000 execucións hipotecarias, cifra que no 2010 se cuadriplicou chegando até os 94.000. Ademais, o BNG advirte de que nos últimos anos, 250.000 familias tiveron que abandonar os seus fogares por desafiuzamentos, un problema de primeira orde que leva a centos de miles de familias a unha situación de práctica exclusión social.

Ademais, o BNG presentou unha moción no Pleno reclamando que se limiten as comisións bancarias e se poña fin aos cobros abusivos que se producen na actualidade. É necesario realizar unha supervisión das comisións bancarias establecendo límites máximos en función de parámetros obxectivos que teñan en conta o custe real dos servizos prestados e mais obrigar nesta situación ás entidades bancarias a que ofrezan de forma transparente as comisións que cobran polos distintos servizos prestados. O PP tampouco apoiou esta moción, que foi aprobada polo Pleno.

Henrique del Río e Xosé Vales forman o grupo municipal do BNG

O BNG reclama a construcción dunha pista cuberta para os skaters

Despois de que a nave abandonada do Pasatempo fose tapiada, o BNG levou ao Pleno unha iniciativa para instar ao goberno local a cumplir as súas promesas electorais e construir unha pista cuberta para os skaters.

O PSOE, que fixo bandeira eleitoral desta promesa, non se preocupou de buscar sequera unha solución temporal para os que practican este deporte urbano. Tampouco diu ningún paso encamiñado á construcción dunha pista cuberta para que non se produzan problemas pola ocupación doutros edificios. O BNG agarda que isto non se quede nunha promesa eleitoralista máis e que o goberno local demostre algunha preocupación polas políticas de mocidade.

Tren de cercanías e seguridade a carón das vías

Jorquera levou unha iniciativa para que Fomento definise prazos e orzamento para a construcción do by-pass ferroviario de Betanzos. Esta obra permitiría reducir o tempo da viaxe A Coruña-Betanzos-Ferrol. Jorquera tamén presentou no Congreso unha iniciativa para amañar a pasarela sobre a vía en Infesta, completada cunha moción presentada no Pleno e outra iniciativa no Parlamento de Galiza para que a Xunta dotase de beirarrúas a ponte sobre a vía. Nin PSOE nin PP se preocuparon por solucionar este problema dos veciños de Infesta e Montellos.

Jorquera e Del Río nunha xuntanza cos veciños no local social da Angustia

O BNG pediu 1 millón para rexenerar a ría

Dentro das alegacións aos orzamentos do Estado, o BNG solicitou un millón de euros para rexenerar a ría de Betanzos. A iniciativa de Francisco Jorquera atopou coa oposición do PSOE e a falta de respaldo do PP. Ademais, solicitamos a reposición do camiño do Penso, que se derrubou hai máis de seis anos con prexuízo para veciños e agricultores da zona. Nin o goberno local nin o Ministerio de Medio Ambiente deron pasos para solucionar esta situación.

O BNG demanda no Congreso a mellora da seguridade na N-VI

En xuño do ano pasado levamos ao Congreso unha iniciativa demandando unha mellora real da seguridade viaria na N-VI ao seu paso pola Angustia, unha demanda da gran maioría dos veciños e veciñas. Máis dun ano despois, en xullo de 2011 o Ministerio de Fomento que dirixe o vicesecretario xeral do PSOE contesta que non son necesarias medidas de seguridade adicionais ás xa existentes; ignorando as reivindicacións veciñais de sinalar, cando menos, un simple paso de cebra.

Quixo a mala sorte que apenas un mes despois da resposta, en agosto deste ano producirse un aparatoso accidente na Angustia que obrigou a cortar o tránsito parcialmente e puxo de relevo as carencias en seguridade viaria. E nese punto saltou áxil o PSOE local, co alcalde á cabeza, reclamando unha mellora da seguridade viaria que o goberno central do PSOE lles nega a veciñanza e usuarios da N-VI na Angustia.

A desculpa cando levamos este mesmo asunto ao Pleno en agosto, compartida por PSOE e PP, era a esixente normativa que regula a sinalización dos pasos de cebra e que, segundo dixeron, impide pintar un para conectar as dúas beiras do núcleo. Sorprende tan pobre escusa cando no tempo coincide cunha reforma express da Constitución en pouco máis dunha semana, sendo, aparentemente, unha norma moito máis complexa que a que regula os pasos de cebra.

Por outra banda, o BNG presentou unha alegación aos orzamentos do Estado para este ano reclamando unha partida dun millón de euros para mellora da seguridade viaria na N-VI. Nin PSOE nin PP apoiaron esta enmenda.

PSOE e PP adoitan dicir unha cousa en Betanzos, outra diferente no Parlamento Galego e outra totalmente distinta no Congreso dos Deputados, como este asunto tamén evidencia. Por iso é necesario garantir a presenza do BNG no Congreso e no Senado, para que en Madrid se escoite falar dos problemas reais dos veciños e veciñas de Betanzos, dos problemas reais dos galegos e galegas.

O BNG enmendará as contas da Xunta por esquecer Betanzos

O BNG criticou por raquítica e claramente insuficiente a partida de algo máis de 3000 euros para a rehabilitación do Casco Histórico de Betanzos que a Xunta incluíu nos seus ornamentos para 2012. Dubidamos de que a cantidade chegue seguera para o apuntalamento das casas que ven de anunciar o goberno de Feijóo.
O PP utilizou a Xunta na campaña das municipais para facer a súa propaganda electoral. Adquiriron unhas casas que agora non teñen ningunha intención de rehabilitar. Para disimular esta cuestión o PP levou ao Pleno facer un plan estratéxico do Casco, tentando transmitir a impresión de que fan algo pola zona histórica.
Nas contas da Xunta para 2012 non aparece ningunha partida para a Ribeira. Neste sentido, queda probado que o proxecto vendido antes das eleccións polo PP tan só era fume electoralista dado que non hai un céntimo para el.

Cos impostos municipais tamén se combate a crise



Henrique del Río, Francisco Jorquera e Xosé Vales

O BNG aposta por introducir descontos para parados e mocidade nas taxas municipais e nas taxas que gravan a rehabilitación e a apertura de negocios no Casco Histórico para incidir na súa recuperación.
Propoñemos revisar a ordenanza que grava a explotación das terrazas de hostelería. Non todos os establecementos hosteleiros do Concello se benefician do programa de actos que se desenvolve principalmente na praza do Campo e hai que revisalo.
Apostamos por cobrar unha taxa ás entidades bancarias que teñen caixeiros na rúa e incrementar as taxas por apertura de bancos. Queremos incrementar as taxas ás empresas que instalen cableado e establecer unha taxa ás compañías de telefonía móbil. Os tributos municipais son un instrumento que ten que servir para redistribuír renda e corrixir desigualdades.
O BNG tamén propón subir a taxa para os transportes especiais. Pode servir para que os transportes pesados deixen de cruzar Betanzos, e singularmente os barrios da Ribeira e a Ponte Vella. O BNG levou varias veces ao Congreso facer libre o tramo da autoestrada que cruza a ría para evitar o paso destes camións polo centro da cidade.

Como contactar co BNG de Betanzos
Travesía da Torre, 2, 1º
981 77 64 66 / 981 77 64 67
contacto@bngbetanzos.org
www.bngbetanzos.org

BNG
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

por galiza
queremos democracia
queremos traballo